

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN PARA PROXECTOS GLOBAIS DE INSERCIÓN E INTEGRACIÓN SOCIO LABORAIS - ALAR GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO FÉNIX, DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN INTEGRAL CON MENORES AGRESORES DE VIOLENCIA DE XÉNERO, ENMARCADO NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade correspóndelle á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade, entre outras, a función de impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia

O artigo 34 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, recolle que *“a Xunta de Galicia..., facilitaralle a aqueles agresores que o soliciten, a incorporación a programas específicos de reeducación. Para iso poderán subscribirse convenios de colaboración con outras administracións públicas e organismos competentes, con capacidade e experiencia na materia”*

Ademais, o artigo 6 da mesma Lei 11/2007, establece que o departamento competente en materia de igualdade, en coordinación cos restantes departamentos da Xunta de Galicia, porá en marcha de xeito periódico, campañas de información e sensibilización que teñan como obxectivo mudar os estereotipos sexistas, e que incidan no rexeitamento social sobre todas as formas de violencia de xénero.



O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, contén un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller, incluíndo tamén a violencia sexual, e en concreto medidas tales como a necesidade de traballar coas Comunidades Autónomas para que a rehabilitación dos menores agresores en casos de violencia de xénero aplique perspectiva de xénero, así como o impulso coas Comunidades Autónomas competentes na materia, na asistencia psicolóxica aos agresores desde o momento da denuncia, para reducir o nivel de estrés e agresividade e previr danos á vítima.

A Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5850, que desenvolve accións dirixidas a colectivos con dificultades para incorporarse á vida social normalizada, fundamentalmente con menores e con mulleres monoparentais en risco de exclusión, recollendo no artigo 2 dos seus estatutos como unha das finalidades da Asociación, a de deseñar e desenvolver medidas de actuación globais para a incorporación social e laboral da persoas que se atopan nos límites da marxinación e da exclusión social, entre eles, poboación menor de idade, traballando en rede con institución públicas como a Xunta de Galicia, o Concello de Lugo, a Fiscalía de Menores de Lugo e os Centros de Educación Secundaria e organizacións sociais de carácter privado como Cáritas, Cruz Vermella, etc. Esta asociación ideou o PROXECTO FÉNIX, de intervención con menores agresores de violencia de xénero, sendo o único programa destas características existente en Galicia.

Pola tanto, e dando cumprimento ás medidas 189 e 220 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, pola súa experiencia no traballo con menores e pola especialización das e dos profesionais coas/os que colabora no campo da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, a Asociación para Proxectos Globais de Inserción e Integración Socio Laborais- Alar Galicia reúne as condicións para o desenvolvemento do Programa de prevención e intervención integral con menores agresores de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, Programa



Fénix, tendo en conta que a violencia de xénero sobre as rapazas máis novas é un tema enormemente preocupante tanto por razóns cuantitativas como cualitativas (no ano 2020 incorporáronse ao proxecto 32 menores, no ano 2021 40 menores, no ano 2022 50 menores, no ano 2023 94 menores e no ano 2024 164 menores).

A Consellería de Política Social e Igualdade estima de interese público proseguir coa liña de traballo conxunta, para o desenvolvemento do Proxecto Fénix, de Medidas de Prevención e Intervención Integral con Menores Agresores de Violencia de Xénero, enmarcado no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

